

**CONCELLO DE PONTECESO: ORDENANZA MUNICIPAL NON FISCAL PARA A PROTECCIÓN DOS CAMIÑOS E VÍAS PÚBLICAS MUNICIPAIS EN RELACIÓN COAS OPERACIÓNS DE SACA DE MADEIRA** Publicado no BOP nº 187 do 01/10/2018.

**Comunicación previa**

Para realizar talas de máis de 5 t no municipio de Ponteceso, será obrigatorio presentar nas oficinas municipais unha comunicación previa no modelo normalizado, cunha antelación mínima de 10 días.

O escrito será asinado pola empresa madeireira, debendo constar nel os seguintes datos:

1. Datos identificativos da do propietario forestal e da empresa madeireira: denominación, NIF, enderezo, teléfono e nome e apelidos do responsable da empresa.
2. Datas previstas de inicio e remate dos traballos.
3. Identificación da finca ou monte afectado, lugar e parroquia onde se sitúa.
4. Especie de madeira obxecto da corta
5. Toneladas de madeira que se prevé extraer.
6. Modelo, matrícula e peso máximo autorizado dos vehículos e maquinaria a empregar nas operacións a desenvolver.
7. Lugares previstos para o depósito da madeira á espera da súa carga.
8. Camiños e vias municipais a empregar nas operacións de saca de madeira.

Xunto co escrito debe aportarse a seguinte documentación

1. Fotocopia compulsada do NIF do madeireiro.
2. Copia da solicitude de autorización ou declaración responsable.
3. Ficha catastral dos montes e/ou parcelas afectados/as.
4. Plano indicativo dos camiños e vías a empregar nas operacións de saca de madeira.
5. Plano indicativo das zonas elixidas para depósito de madeira.

**Fianza**

O importe da garantía a depositar será fixado polos servizos técnicos municipais no prazo de 10 días a partir do seguinte á presentación da comunicación previa, coa referencia de 1,50 €/t. Deberase depositar no prazo de 5 días tras a recepción do informe municipal no que se fixe a súa contía e sempre antes de iniciar os traballos.

Pódese facer no seu lugar un depósito único anual a tanto alzado de 6000€ que cubra tódalas operacións a realizar no termo municipal.

**Entrada en vigor:** 02/10/2018.